

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 18 DE MAIO DE 2011**

---

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezaoito de maio deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA e DON JOSÉ FERNANDO PIÑEIRO DÍAZ; e a membro da Xunta de Goberno Local que non ten a condición de concelleira, DONA MARÍA NOVO PENA. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ACTA.-** Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 11 de maio de 2011.

### **ÁREA DE URBANISMO**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase excepcionar do cumprimento das condicións NHV-2010, normas de habitabilidade de vivendas de Galicia 2010, reguladas polo Decreto 29/2010, do 4 de marzo, solicitada para a actuación de rehabilitación de vivenda existente en edificio tradicional sito en Milleiros, número 7 - Santiago de Meilán.

Tamén se acorda excepcionar do cumprimento das condicións NHV-2010, normas de habitabilidade de vivendas de Galicia 2010, reguladas polo Decreto 29/2010, do 4 de marzo para a actuación de instalación dun ascensor no edificio existente, sito na rúa García Abad, número 11.

Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para parcelamento da parcela sita na rúa Camiño Real, números 183-185; para a construción dunha vivenda unifamiliar illada no núcleo rural tradicional de Marcelle+Xián, parroquia de Lugo-Saamasas (Santiago); para modificación da licenza número 825/09, por substitución do sistema solar por bomba de calor aerotérmica na vivenda unifamiliar sita en solo urbano, na rúa Illa da Toxa; para reforma e

## ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refº: 11extractoxg23.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 18-5-2011

ampliación de corte de vacún, fosa de xurro e legalización de construcións existentes, no núcleo rural tradicional de Vigo, parroquia de Vilachá de Mera; para legalización das modificacións exclusivamente referidas, espazo situado baixo cuberta destinado a locais de instalacións e sen uso definido e modificación do número de prazas de garaxe no entresollado (5 prazas) do edificio con licenza número 1238/07, sito en solo urbano, rúa Camiño Real, números 183-185 e para legalización de modificacións no edificio con licenza número 1076/07, consistentes en redución do número de vivendas, pasando de 17 a 16 vivendas, por supresión dunha vivenda dúplex, cuxa superficie pasa a incrementar as superficies doutras vivendas existentes en planta terceira con aproveitamento baixo cuberta, e pequenas modificacións na distribución da planta baixa e entresollado no edificio sito en solo urbano na rúa Magnolia, número 13.

Acórdase a denegación de licenza para parcelamento da parcela matriz sita en Galegos-Santiago de Afora.

**2. XESTIÓN.-** Acórdase a aprobación definitiva do proxecto de “Urbanización de c/ de nueva apertura para conexión de la N-VI con las unidades de actuación N-1 y N-2”.

### **ÁREA DE INFRAESTRUTURAS**

**3. XESTIÓN.-** Acórdase a concesión de prorroga no “Proyecto de conexión con 16 F.O. entre los centros PDI-YACOM, subestación-Fenosa y GAL19B01”.

### **ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO**

**4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.-** Acórdase a prórroga polo período dun ano contado dende o 1 de xuño de 2011 ata o 31 de maio de 2012 do contrato administrativo correspondente ao mantemento e conservación integral das áreas de xogos infantís existentes nos parques, xardíns e zonas verdes públicas municipais da cidade de Lugo.

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto para a contratación de subministración de emulsión bituminosas para o mantemento de toda a rede de camiños municipais mediante acordo marco con procedemento aberto e a apertura do procedemento de contratación.

## **ACTAS E GOBERNO**

JACA/cvr

Ref#: 11extractoxg23.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 18-5-2011

Acórdase a aprobación do proxecto, do prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto 15. contratación das obras de rehabilitación do antigo cárcere do partido xudicial de Lugo. Centro social e cultural antigo cárcere – fase 1. actuación incluída no proxecto urban (iniciativa urbana) co 70% de cofinanciamento da unión europea a través do fondo europeo de desenvolvemento rexional (PO FEDER Galicia 2007-2013) (proxecto 09UR2201 urban Centro social e cultural antigo cárcere) e a apertura do procedemento de adxudicación.

**5. INTERVENCIÓN.-** Deuse de conta da modificación número 5 do Orzamento xeral de 2011, mediante transferencia de crédito por importe de 115.640,87 euros.

**6. FACENDA LOCAL.-** Acórdase a rectificación da liquidación núm. 5036405 (231/2011), xirada en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, pola licenza de obras de construción de muro de contención e peche da parcela situada na estrada N-VI, Km 497,100, núcleo rural tradicional de Barxelas (Mouto), parroquia de San Pedro Fiz de Muxa, por importe total de 7.379,03 €, por erro na valoración do presuposto de execución da obra.

Acórdase desestimar a solicitude formulada na que insta a devolución da cantidade ingresada, mediante autoliquidación número 3478589, en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos, por importe de 4.440,10 €, ao renunciar á licenza de obras outorgada para construír un edificio na rúa Flor de Malva, 82-84.

### **ÁREA DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE**

**7. SERVIZOS SOCIAIS.-** Acórdase a autorización do uso do ximnasio da Casa Clara Campoamor de asociacións de interese social á asociación de familiares de enfermos de alzheimer e outras demencias de Lugo.

**Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:**

Acórdase tomar razón das obras a executar ao abeiro do “Plan extraordinario de obra pública”, segundo o Convenio de colaboración entre a

**ACTAS E GOBERNO**

JACA/cvr

Refº: 11extractoxg23.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 18-5-2011

Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo, asinado o 17 de decembro de 2010. “Memoria valorada e detallada de construción de vestiarios no entorno do Río Miño”, “Proxecto de construción de pantaláns para zona de baño do Río Miño”, “Proxecto de execución de parque infantil cuberto zona recinto feiral”, e “Memoria valorada e detallada de execución de parque infantil na zona dos Robles”.

Lugo, 19 de maio de 2011  
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García